

## ACTA DE ACORDOS ASAMBLEA EXTRAORDINARIA

04/04/2021

Dita reunión debido á situación de emerxencia ocasionada polo COVID-19, celébrase por vía telemática reunindo aos membros da Asamblea presentes e recollidos na Acta Oficial ao marxe sendo as 11:00 horas do día 04/04/2021.

### ORDE DO DÍA

#### 1º.: Lectura e aprobación da acta anterior.

Procédese a lectura da acta da reunión anterior. A acta é aprobada por unanimidade.

#### 2º.: Contas do 2020: Memoria Económica.

Procédese a explicar o **Balance de situación** do exercicio 2020 cunha comparativa do 2019. Pechamos o ano cun Activo non corrente de 72.753,58 € e un Activo corrente de 307.929,48 €. Ascendendo o Balance do exercicio 2020 a un total de 380.683,06€ sendo o total do Activo no exercicio 2019 293.941,55€.

En cuanto ao patrimonio neto e pasivo a FGX conta cun patrimonio neto de 378.060,94€ no ano 2020, en comparación co de 292.143,09€ correspondente ao exercicio 2019. No exercicio 2020 contamos cun Pasivo corrente de 2.622,12€ que no ano 2019 ascendeu a 1.798,46.

Ditos datos están debidamente detallados no Anexo I

Continuamos explicando a **Conta de Pérdidas e Ganancias**. En relación aos ingresos no exercicio 2020 temos unha diferenza notable con respecto ao 2019 dado que por mor da pandemia os ingresos dos clubs en canto a participación en Campionatos de España e demais actividades tivemos un descenso notable asemade tivemos que renunciar á Subvención da Copa Deputación de Ourense 2020 por no poder executar o calendario de actividades suxeitos a dita partida na pasada tempada. Aínda así pechamos o exercicio 2020 cuns ingresos de 361.046,94€ comparados co exercicio 2019 439.812,73€.

En cuanto aos gastos seguimos a liña do explicado con anterioridade, ao verse reducida a nosa actividade tamén se viron reducidos os gastos ascendendo o total a 271.529,09€ comparados estes cos do exercicio 2019 que ascenderon a 397.520,35€.

Pechamos o exercicio 2020 cuns beneficios que ascenden a 89.517,85€. Todos estos datos están pormenorizados no Anexo II.

Xa para rematar este punto da orde do día procédese a explicar a **Memoria Económica 2020**. Procédese a explicar a mesma aos membros presentes desenrolada nas vinte follas que recolle distintos aspectos que deben estar reflectidos en dito documento (Anexo III). Neste acta e dado que o interese final dos asistentes é saber os ingresos e gastos da tempada recolleemos un cadro resumo do mesmo.

**EXECUCIÓN ORZAMENTO 2020**

<b>INGRESOS</b>	APROBADOS	EXECUTADOS	SALDO
1.- FORMACIÓN	44.000,00 €	7.151,00 €	- 36.849,00 €
2.- SECRETARIA XERAL PARA O DEPORTE	74.669,00 €	37.334,50 €	- 37.334,50 €
3.-LICENCIAS	220.384,00 €	244.706,00 €	24.322,00 €
4.-INGRESOS INSCRICIÓNS CAMPIONATOS ESPAÑA E INTERNACIONAIS	53.500,00 €	26.410,00 €	- 27.090,00 €
5.-INGRESOS VARIOS	10.344,58 €	3.600,00 €	- 6.744,58 €
6.- OUTRAS SUBVENCIÓNS	8.650,00 €	- €	- 8.650,00 €
7.-REMANENTE FEDERATIVO	14.831,00 €	14.831,00 €	- €
8.-INGRESOS EXCEPCIONAIS E FINANCIEROS	0,00 €	201,80 €	201,80 €
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>426.378,58 €</b>	<b>334.234,30 €</b>	<b>- 92.144,28 €</b>

<b>GASTOS</b>	APROBADOS	APROBADOS	EXECUTADOS	SALDO	
1.-GASTOS DE FUNCIONAMENTO					
1.1.-GASTOS CORRENTES					
1.1.1.- PERSOAL	35.000,00 €		32.507,21 €	- 2.492,79 €	
1.1.2.-PRIMAS SEGUROS	816,68 €		852,60 €	35,92 €	
1.1.3.-GASTOS BANCARIOS	700,00 €		919,35 €	219,35 €	
1.1.4.- SERVICIOS PROF. EXTERNOS	3.200,00 €		4.816,22 €	1.616,22 €	
1.1.5.-CORREO E TELEFONO	5.200,00 €		3.822,36 €	1.377,64 €	
1.1.6.-MATERIAL DE OFICINA	2.650,00 €		298,79 €	2.351,21 €	
1.1.7.- DIETAS E QUILOMETRAXE	5.000,00 €		324,51 €	4.675,49 €	
1.1.8.- VARIOS E IMPREVISTOS	1.500,00 €		5.314,87 €	3.814,87 €	
1.1.9.-ADQUISICIÓN MATERIAL	4.500,00 €		- €	4.500,00 €	
<b>TOTAL GASTOS CORRENTES</b>		<b>58.566,68 €</b>	<b>48.855,91 €</b>	<b>9.710,77 €</b>	<b>9.710,77 €</b>
2.- LICENZAS					
2.1.-PAGO HOMOLOGACIÓN LICENZAS Á RFEG	55.000,00 €		52.340,00 €	2.660,00 €	
2.2.-GASTOS SEGUROS LICENZAS	65.250,00 €		72.061,00 €	6.811,00 €	
<b>TOTAL GASTOS LICENZAS</b>		<b>120.250,00 €</b>	<b>124.401,00 €</b>	<b>4.151,00 €</b>	<b>4.151,00 €</b>

<b>3.- ACTIVIDADES</b>					
3.1.- COMPETICIÓN					
3.1.1.-AUTONÓMICAS:ESCOLAR E PROMOCIÓN	25.250,00 €	25.250,00 €	20.323,07 €	4.926,93 €	-
3.1.2.-AUTONÓMICOS: BASE E ABSOLUTOS	74.414,84 €	74.414,84 €	18.204,80 €	56.210,04 €	-
3.1.3.- CAMPIONATOS DE ESPAÑA: XUÍCES	7.500,00 €	7.500,00 €	4.049,11 €	3.450,89 €	-
3.2.-PAGO INSCRIPCIÓN CTOS ESPAÑA	53.500,00 €	53.500,00 €	26.410,00 €	27.090,00 €	-
<b>TOTAL ACTIVIDADES</b>		<b>160.664,84 €</b>	<b>68.986,98 €</b>	<b>91.677,86 €</b>	<b>91.677,86 €</b>
<b>4.- TECNIFICACIÓN</b>					
4.1.-XIMNASIA RÍTIMICA	4.250,00 €		- €	4.250,00 €	-
4.2.-XIMNASIA TRAMPOLÍN	4.000,00 €		2.023,78 €	1.976,22 €	-
4.3.-XIMNASIA ACROBÁTICA	4.000,00 €		- €	4.000,00 €	-
4.4.-XIMNASIA ARTÍSTICA FEMININA	2.500,00 €		- €	2.500,00 €	-
4.5.-XIMNASIA ARTÍSTICA MASCULINA	1.250,00 €		- €	1.250,00 €	-
4.6.-TECNIFICACIÓN CGTD	6.250,00 €		6.250,00 €	- €	-
<b>TOTAL TECNIFICACIÓN</b>		<b>22.250,00 €</b>	<b>8.273,78 €</b>	<b>13.976,22 €</b>	<b>13.976,22 €</b>
<b>5.-FORMACIÓN</b>					
		40.000,00 €	6.720,00 €	33.280,00 €	-33.280,00 €
<b>6.-AMORTIZACIÓN INMOBILIZADO</b>					
		4.647,06 €	11.164,23 €	6.517,17 €	5.003,62 €
<b>7.-ADQUISICIÓN DE MATERIAL DEPORTIVO</b>					
		20.000,00 €	14.996,38 €	5.003,62 €	-
<b>TOTAL GASTOS</b>		<b>426.378,58 €</b>	<b>283.398,28 €</b>		<b>142.980,30 €</b>

Este punto queda **aprobado por unanimidade** polos membros presentes.

### **3º.: Calendario Provisional Autonómico 2021.**

Procédese a explicar aos membros presentes que o calendario desta tempada está consensuado polos clubs que conforman cada especialidade. Tivemos diversas reunións con eles para estudar a situación de cada modalidade así como a variación do calendario nacional establecendo así de forma consensuada as datas de celebración do calendario autonómico.

Dada a situación actual na que vivimos condicionada pola evolución da COVID-19 este calendario ten consideración de provisional podendo varias as datas según evolución da pandemia e consecuentemente evolución dos adestramentos dos ximnastas en cada modalidade.

O Calendario é o recollido no Anexo III e é **aprobado por unanimidade** polos membros presentes.

#### **4º.: Aprobación, se procede dos Estatutos e Regulamentos específicos da FGX.**

Tal como estivemos falando nas últimas asambleas celebradas desta federación e continuando co punto desenrolado na última asamblea celebrada o 09 de xaneiro do ano en curso na que fixemos referencia á **inclusión da Modalidade de Parkour** e na que informamos aos presentes da denegación por parte da Secretaría Xeral para o Deporte por un defecto de forma na solicitude da mesma. Informamos aos presentes que xa está solventando dito punto recollendo nos novos estatutos da Federación esta nova modalidade os cales son supervisados e **aprobados polos membros presentes nesta reunión**. Procederemos entón ao seu traslado á Secretaría para formalizar a Actualización dos Estatutos.

Informamos aos presentes que como adecuación ás modificacións na Ley do Deporte de Galicia 2021 comunicada o pasado 29 de Xaneiro coa publicación no Diario Oficial de Galicia a Lei de orzamentos de Galicia para o 2021.

Neste momento a federación contaba cun Regulamento xenérico no que se recollían distintos aspectos de funcionamento interno tales como competicións, escolas, comités... sen embargo coa aplicación destas novas medidas vémonos na obriga de desenrolar uns regulamentos específicos de licenzas e actualizar e modificar pequenos puntos nos distintos regulamentos específicos.

Procedemos á lectura detallada dos distintos regulamentos os cales anexamos a este acta para informar aos presentes dos puntos recollidos nos mesmos. Ditos regulamentos pasaron supervisións e modificacións previas por parte da Xunta Directiva e Comisión Delegada desta federación sendo o resultado final o exposto aos membros da asamblea.

Recollemos un listado dos **regulamentos aprobados por unanimidade** polos membros presentes.

- Regulamento de Licenzas
- Regulamento de Competición
- Regulamentos dos Comités Técnicos
- Regulamento de Concentracións
- Regulamento de Xuíces
- Regulamento de Escola

Tras a aprobación dos mesmos polos membros presentes informamos do seu traslado á Secretaría para formalizar a súa aprobación definitiva.

#### **5º.: Suxerencias e preguntas**

Somos informados por membros de varios clubs que tal como recollemos na nova normativa de licenzas o prezo vai estar visible na mesma. Sen embargo si o club fai unha aplicación de licenza de autonómica a nacional no cartón non figura o incremento da cuantía senón que figura o valor inicial. Daremos traslado á empresa informática que xestiona dito programa para que adecuen dito problema xa que éramos descoñecedores do mesmo.

O Presidente informa aos presentes que tal como se informara na reunión do 09 de xaneiro do boseiro de 17.000,00 € en concepto de axuda a clubs xa foi executado e as axudas xa foron percibidas polos clubs solicitantes.

E sen mais puntos que tratar, érguese a sesión sendo a 13:30h do día arriba indicado do que dou fe como Secretaria Xeral desta Federación.

Ourense, 04/04/2021